



RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS NO DOMICILIO PARA CASOS DE VARÍOLA DO MONO (MONKEYPOX)

Co fin de limitar a transmisión do virus Monkeypox (MPX) e diminuír o número contaxios toda persoa que teña coñecemento de ser un caso do MPX debe seguir estas recomendacións preventivas:

- Illarse nun cuarto ou zona separada dos demais membros do fogar ata que todas as lesións desaparezan, especialmente se as persoas presentan lesións extensas ou con secrecións ou síntomas respiratorios. Evitar o contacto físico e as relacións sexuais ata que as lesións desaparezan.
- Na medida do posible, manteña cubertas as lesións (por exemplo, baixo a roupa).
- Usar a máscara cirúrxica cando saia do cuarto, especialmente nos casos que presentan síntomas respiratorios, evitando o contacto cos convivintes. Se isto non é viable (por exemplo, un neno infectado), recoméndase que o resto da familia use máscara.
- Non saír do domicilio, agás cando necesite atención médica de seguimento. Neste caso, levará máscara en todo momento e non utilizará o transporte público.
- Evitar o contacto con animais salvaxes ou domésticos, polo que as mascotas deben quedar fóra do entorno do paciente.
- Estar localizables durante todo o período de seguimento.
- No caso de empeoramento dos síntomas chamar ao seu médico ou ao 061.

Entre as medidas de control ambiental:

- Lavar a roupa, como roupa de cama, toallas, etc., con auga quente (60 graos) e deterxente. Pódese engadir lixivia, aínda que non é necesario.
- Evitar o contacto directo co material contaminado e ter coidado ao manipular roupa sucia (non se debe axitar nin manipular de forma que poida dispersar partículas infecciosas).
- Non compartir pratos e outros utensilios para comer. Os pratos sucios e os utensilios para comer deben lavarse nun lavalouzas ou a man con auga quente e xabón.
- As superficies e obxectos contaminados deben limparse e desinfectarse cun desinfectante de grao hospitalario ou cunha dilución 1:100 de hipoclorito de sodio doméstico (lixivia).